

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello da Pobra do Caramiñal para a xestión e explotación da rede en alta de abastecemento á marxe dereita da Ría de Arousa

1 Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través do extinto organismo autónomo Augas de Galicia e da extinta Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), realizou as obras de toma de auga do río Ulla, depuración e tratamento dela; e rede básica en alta para o abastecemento de auga potable aos concellos de Padrón, Dodro, Pontecesures, Valga, Catoira, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira, poñéndolas en funcionamento.

As devanditas actuacións forman parte da obra denominada “Rede Xeral de Abastecemento á Marxe Dereita da Ría de Arousa”, que se executou en catro fases.

O 15.10.2004 formalizouse o convenio de colaboración entre a extinta Empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) e o Concello da Pobra do Caramiñal para a xestión e explotación da rede en alta de abastecemento á marxe dereita da Ría de Arousa.

A través deste convenio a EPOSH asumiu a xestión e prestación do servizo de abastecemento de auga potable ao Concello da Pobra do Caramiñal e o compromiso de manter e conservar as instalacións que conforman o sistema de abastecemento e que se detallan no convenio; e o Concello de da Pobra do Caramiñal obrigouse ao pagamento á EPOSH das tarifas establecidas no convenio para sufragar o custe da xestión deste servizo.

Para xestionar e prestar o servizo de abastecemento de auga potable ao Concello da Pobra do Caramiñal, entre outros, a extinta EPOSH formalizou o 31.05.2005, logo da correspondente licitación pública, un contrato de xestión de servizo público en réxime concesional da “Explotación das instalacións da rede de abastecemento en alta da marxe dereita da ría de Arousa (A Coruña)”, de clave OH.215.634/XSP, cun prazo de vixencia que remata o 30.06.2030. No dito contrato a EPOSH obrígase a pagar unha determinada tarifa ao contratista en función dos metros cúbicos de auga subministrada aos distintos usuarios e determínase que a tarifa se actualizará anualmente de conformidade co previsto nos pregos que rexeron a citada licitación.



2 Obxectivos que se pretenden

É obxecto do convenio que se propón asinar, establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello da Pobra do Caramiñal que permitan actuar de xeito coordinado e en colaboración na xestión e prestación do servizo de abastecemento de auga potable ao Concello da Pobra do Caramiñal, para a óptima xestión do dito servizo.

3 Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

É necesario formalizar un novo convenio de colaboración, que deixe sen efecto o formalizado o 15.10.2004, para adaptalo á nova regulación en materia de convenios que establece a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.1, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia no seu artigo 80 recollen que os concellos poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Xunto a esta declaración xeral de competencias estas leis enumeran determinadas materias respecto ás cales os concellos deben ostentar competencias e, entre outras, a protección do medio ambiente e o subministro de augas, cualificando o abastecemento domiciliario de auga potable como servizo de prestación obrigatoria para todo os concellos. De conformidade co exposto, o servizo público de abastecemento de auga potable é un servizo público reservado legalmente á competencia dos entes locais.

Por outra banda, o artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban

Pola súa parte, para unha prestación máis eficiente do servizo de abastecemento de auga, Augas de Galicia ten suscrito un contrato de xestión de servizo público en réxime concesional da



“Explotación das instalacións da rede de abastecemento en alta da marxe dereita da ría de Arousa (A Coruña)”, de clave OH.215.634/XSP, cun prazo de vixencia que remata o 30.06.2030.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4 Estimación de custos e financiamento

O concello da Pobra do Caramiñal obrígase a sufragar o custe da xestión do servizo de subministro de auga potable en alta ao concello mediante o pago da correspondente tarifa.

O importe da tarifa ascende a $T = 0,1885233 \text{ €/m}^3$ (sen IVE).

A tarifa actualizarase anualmente, no mes de xullo, comezando a aplicarse o mes de xaneiro do exercicio seguinte, na mesma proporción de actualización que a tarifa do contrato de clave OH.215.634/XSP, xa citado. Unha vez actualizada a tarifa do contrato, Augas de Galicia comunicarallo ao concello.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(*asinado dixitalmente*)

